

SAL. 004244 06.05.13 09:24

A Resolución do 11 de xaneiro de 2013 actualizou os criterios e o procedemento de aplicación do Convenio de Colaboración entre A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades Galegas para a aplicación da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional e materias dos estudos universitarios de grao, incluíndo nesta resolución un anexo con correspondencias a aplicar.

Detectados algúns erros na relación de correspondencias incluídas no Anexo, principalmente en canto ao recoñecemento de ciclos formativos de grao superior do sistema LOXSE e non dos ciclos equivalentes e coa mesma denominación da LOE, compre ampliar o Anexo e emendar as deficiencias detectadas, unha vez que o centro respectivo emitíu informe favorable sobre os novos recoñecementos.

En tanto non se asine un novo Convenio, e co obxecto de poñer en marcha as modificacións do devandito Anexo no que se inclúen as correspondencias entre os ciclos formativos de grao superior e materias dos estudos universitarios de grao para o recoñecemento de créditos, cómpre ditar a seguinte instrución e é por iso que,

Este Rectorado, **RESOLVE**

**ÚNICO.-** Para os efectos do disposto no artigo primeiro da resolución do 11 de xaneiro de 2013, para recoñecemento de créditos por estudos de Formación Profesional nas titulacións de grao a través do disposto no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades Galegas, e dende a data da presente resolución aplicarase o documento publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia: **“Catálogo de créditos e materias recoñecidas nas titulacións universitarias oficiais de grao para os titulados en Formación Profesional de Grao Superior. Curso 2012-2013 e sucesivos”** que se pode consultar no enderezo electrónico:

[http://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Validacions/2012-2013/catalogo de creditos e materias reconecidas curso 2012 2013.pdf](http://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Validacions/2012-2013/catalogo_de_creditos_e_materias_reconecidas_curso_2012_2013.pdf).

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2013

O Rector,



Juan J. Casares Long

